

CONTA SATÉLITE DA PRODUCCIÓN DOMÉSTICA

Metodoloxía

1 Obxectivos e utilidades

A Conta Satélite da Produción Doméstica (CSPD) de Galicia ten como obxectivo principal obter unha estimación do valor económico das actividades desenvolvidas nos fogares galegos. Nos fogares realízanse tanto actividades produtivas xa estimadas nas Contas Económicas realizadas baixo a metodoloxía do Sistema Europeo de Contas 1995 (SEC), como aquelas consideradas como non produtivas, e para as que está pensado a realización da Conta Satélite.

Segundo o SEC, o sector fogares realiza actividades de consumo e, eventualmente, produción de mercado realizada por empresas non constituídas en sociedade. Ademais deste núcleo principal, inclúense a produción voluntaria de bens realizada polos fogares, e a produción de bens de uso propio: produción agrícola para autoconsumo, a construción da vivenda propia, e os servizos de alugamento de vivendas ocupadas polos seus propietarios (en diante, alugamento imputado). En cambio, o SEC95 e o Sistema de Contas Nacionais de Nacións Unidas (SCN93) exclúen aqueles servizos que os fogares producen para o uso propio¹. Ademais non se computa a produción voluntaria de servizos prestados a outros fogares.

A Conta Satélite de Produción Doméstica amplía a fronteira de produción definida polo SEC para incluír outro tipo de actividades realizadas polos fogares. Recolle aquela produción de servizos que os fogares producen e autoconsomen.

O concepto de produción doméstica utilízase para referirse ós servizos producidos dentro dos fogares polos seus membros, combinando o seu traballo non remunerado con compras de bens duradeiros e non duradeiros. Esta produción destínase a autoconsumo nos fogares.

As contas satélites son coherentes co núcleo das contas económicas. Este tipo de instrumentos estatísticos incrementan a capacidade de análise da contabilidade xa que son específicos da área que estudan que, no caso da presente publicación, son os fogares como sector institucional.

Os principais usos e as dificultades que inciden na utilidade da Conta Satélite de Produción Doméstica de Galicia son:

- Actualmente non existe unha metodoloxía de obrigado cumprimento para a elaboración desta conta satélite², e son poucos os países que elaboran este tipo de operacións estatísticas.

¹ Ver SEC (3.09) e SCN (6.17).

² En 2003 a oficina de estatística da Unión Europea, EUROSTAT, publicou, como documento de traballo, unha proposta para unha metodoloxía dunha conta satélite de produción doméstica. Esta proposta é o resultado da actividade dun grupo de traballo. EUROSTAT(2003): *Household Production and*



- Unha estimación da produción dos fogares baixo a óptica da conta satélite proporcionará unha perspectiva máis profunda da interacción entre os principais sectores produtivos da economía. Así, apreciaranse os cambios nas estruturas produtivas, tanto máis canto máis frecuentes sexan as estimacións.
- A dispoñibilidade de estimacións regulares no tempo da produción doméstica permitiría ter información sobre o volume producido polos fogares, e o consumo real de servizos. Os cambios na proporción gasto en consumo final / consumo final “estendido” indicarán qué servizos pasan de producirse no fogar a producirse no mercado e viceversa.
- Finalmente, unha conta satélite de produción doméstica é de gran utilidade para a implantación de políticas sociais, especialmente nas que teñan que ver con transferencias sociais ós fogares.

2 **Ámbito de investigación**

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é a do conxunto de fogares privados que residen habitualmente en vivendas familiares principais e as persoas que conforman eses fogares.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O ámbito temporal correspóndese co ano 2003.

3 **Definicións e aspectos metodolóxicos**

3.1 **O concepto de fogar**

O concepto de fogar é análogo ó utilizado no marco de Contas Nacionais, polo tanto é o definido polo Sistema Europeo de Contas. O SEC (2.75) define fogar como pequenos grupos de persoas que comparten un mesmo aloxamento e poñen en común parte ou a totalidade das súas rendas e patrimonio, e que consumen colectivamente determinados bens e servizos, principalmente o aloxamento e a alimentación. Ademais o SEC engade que esta definición pode complementarse coa existencia de vínculos familiares ou afectivos.

Nesta definición inclúense as persoas que viven en institucións de forma permanente (por exemplo, ingresados en hospitais, membros de ordes relixiosas, presos). Esta poboación representa unha parte moi pequena da poboación total e as súas actividades produtivas (remuneradas) xa están recollidas nas contas económicas. A produción doméstica nestes fogares non é significativa, e a efectos do satélite doméstico non se considera esta produción.

A diferenza fundamental entre a consideración do fogar en termos de Contas Económicas e na Conta Satélite de Producción Doméstica está nas funcións que lle son asignadas. O SEC define como funcións principais dos fogares como sector institucional o consumo, e *eventualmente* a produción de bens e servizos de mercado. Estas son as funcións consideradas en Contas Económicas para a delimitación do sector, pero estas funcións ampliáanse significativamente dende a perspectiva da Conta Satélite da Producción Doméstica Galega (CSPD). Esta ampliación xorde no aspecto produtivo dos fogares, considerando que os fogares producen os bens e servizos que eles mesmos consumen, e que teñen como función principal a satisfacción das necesidades básicas dun fogar.

3.2 Actividades produtivas

Nun fogar realízanse un amplo abano de actividades e cómpre determinar cales son produtivas, e darlle unha valoración económica. Nos estudos existentes actualmente para a compilación dunha CSPD utilízase de maneira unánime o “criterio da terceira parte”³. Este criterio fala de actividade produtiva se pode ser delegada noutra persoa. Inclúe aquelas actividades que non son remuneradas e que levan a cabo os fogares, pero que poderían ser reempazados por produtos e servizos de mercado. Este criterio facilita a clasificación das actividades realizadas polos fogares entre produtivas e non produtivas, se ben nalgúns casos non é definitivo.

Para coñecer a relación de actividades que realiza un fogar, utilizamos a Enquisa de Emprego do Tempo (EET) do Instituto Nacional de Estadística (INE) e do Instituto Galego de Estatística (IGE). Esta fonte de información é fundamental para estimar, como veremos máis adiante, a produción doméstica cando se opta por un método de estimación baseado nos inputs. Dende esta perspectiva o traballo doméstico é o principal compoñente do valor engadido do satélite doméstico, e as enquisas sobre utilización do tempo a forma máis fiable de avaliar o volume de traballo non remunerado realizado nos fogares.

Cóntase cunha lista de actividades harmonizada por EUROSTAT⁴ distribuída en 10 grandes grupos de actividades que se poden desagregar xerarquicamente. Para cada unha

³ REID, Margaret (1934): *Economics of Household Production*. New York.

⁴ Establecida por Eurostat (2000): “Guidelines on harmonised European time use surveys”. European Commission Eurostat Unit E2. Luxembourg, 2000

das actividades, e baixo o criterio da terceira parte, clasifícanse as actividades en tres grupos:

- actividades produtivas xa incluídas na fronteira de produción do SEC: traballo remunerado, e construción da vivenda, por exemplo
- actividades produtivas non incluídas no SEC: verdadeiro obxecto da conta satélite que inclúen casos como a limpeza da vivenda, preparación de comidas, etc
- actividades non produtivas: durmir, actividades de aseo persoal, actividades de vida social, etc

Como base para as estimacións utilízanse as táboas de uso do tempo por sexo para un día tipo. Para cada actividade definida na lista de actividades da EET dispónse do tempo que os membros dos fogares galegos dedican a cada unha das actividades. Unha vez que temos clasificadas as actividades da EET en produtivas e non produtivas, obtense o volume de tempo que debe valorarse nunha conta satélite clasificado por funcións e sexo.

3.3 Ampliación das funcións dos fogares

A EET é chave para a agrupación das actividades realizadas polo fogar. Como mencionamos anteriormente, no satélite doméstico a función de consumidor amplíase para incluír a función de produtor e valoráranse só aquelas actividades consideradas produtivas, que se agruparán pola súa natureza en determinadas funcións. Para a elaboración da CSPD considéranse cinco funcións principais que realizan os fogares⁵:

- función aloxamento: inclúe aquelas actividades que realizan os membros do fogar para o coidado da vivenda; limpeza da vivenda, por exemplo.
- función nutrición: inclúe a preparación de comidas, e tódalas actividades relativas a proporcionar alimentación ó fogar
- función roupa: actividades que realizan os fogares tales como a adquisición e coidado da roupa, etc
- función coidados: a produción de servizos de coidado dos nenos, de persoas dependentes dentro do fogar, etc
- traballo voluntario: inclúe as actividades voluntarias de prestación de servizos a outros fogares, ou a institucións sen fins de lucro ó servizo dos fogares. Considérase informal cando o realizan os fogares por iniciativa propia, axudando a familiares ou veciños.

⁵ No anexo I incluído no final desta metodoloxía preséntase unha lista de actividades consideradas na CSPD de Galicia e a función á que se asignan

Estas funcións son indicativas das actividades que realiza o fogar e, ademais, esta división facilita as comparacións e o control dos cambios nos servizos producidos polos fogares ou aqueles que son adquiridos no mercado⁶.

3.4 Método de valoración da produción doméstica

Para a valoración das actividades produtivas desenvolvidas nos fogares preséntase a dificultade de que o output producido polos fogares non é obxecto dunha transacción no mercado. En xeral, esta é a forma de valoración da produción de mercado nas Contas Económicas, pero os servizos que temos que valorar son os de non mercado.

Existen dous métodos de valoración da produción doméstica:

- O *Método baseado nos outputs*, que dá unha valoración económica ós servizos producidos dentro do fogar. O punto de partida é o valor de mercado dos produtos domésticos, e polo tanto é preciso identificar os produtos, medilos e valoralos segundo os seus prezos de mercado. Non se precisan datos sobre o emprego do tempo, nin sobre o valor do traballo empregado en cada función, pero sí unha valoración da cantidade de servizos producidos e os seus prezos.
- O *Método baseado nos inputs*, no que ó valor engadido bruto (VEB) chégase por agregación dos custos de produción: valor do traballo, consumo de capital, e impostos netos de subvencións. A estimación da produción doméstica realízase a partir das estimacións do VEB engadindo os consumos intermedios.

No marco das contas económicas os prezos de mercado son a referencia básica para a valoración da produción. En ausencia de transaccións de mercado, como é o caso da produción doméstica, a produción valórase de acordo cos custes nos que se incorre para realizar esa produción. O método dos inputs é análogo á estimación do valor engadido e produción dos servizos de non mercado, e será o utilizado na estimación da Conta Satélite de Produción Doméstica de Galicia.

O esquema de estimación da produción doméstica baixo este método é o seguinte:

$$\begin{aligned} & \text{Valor do traballo (horas x salario/hora)} \\ & - \text{Outros impostos netos sobre a produción} \\ & + \text{Consumo de Capital fixo} \\ & = \text{Valor engadido bruto (VEB)} \end{aligned}$$

⁶ O establecemento destas funcións para o caso galego ten, a maiores, a motivación de que permitirá a comparabilidade con outras contas satélite de produción doméstica. Por exemplo a de Euskadi, elaborada por EUSTAT. Ver EUSTAT (2004): *Cuenta Satélite de la Producción Doméstica*. Donostia-San Sebastián.



- + Consumo intermedio
- = Valor total da produción

A utilización deste método de estimación da produción doméstica presenta as seguintes características:

- depende da dispoñibilidade de datos sobre o uso do tempo
- precisa de datos sobre salarios, e a súa valoración depende en gran medida da elección do salario de referencia, polo que é preciso unha análise das fontes estatísticas sobre salarios (salario efectivo, horas traballadas, etc.)
- o método dos input é un método no que se ten investigado máis, xa que os principais estudos sobre produción doméstica utilizan como método de estimación. As súas potencialidades e debilidades están recoñecidas, así como os recursos precisos para a súa implantación

3.5 A valoración do traballo

A valoración do traballo é o factor determinante na estimación do valor engadido xerado polas actividades domésticas non remuneradas no mercado. En función do salario elixido os resultados poden ser moi diferentes. A elección dependerá dos obxectivos de cada investigación, se ben sería preciso a homoxeneidade nesta elección a efectos de dotar de comparabilidade a esta operación estatística.

Elección do salario

Existen dúas formas de orientar a elección do salario. Unha primeira maneira de elixir o salario é supoñer que o tempo que empregan os fogares en tarefas domésticas non remuneradas reduce o tempo de traballo remunerado. Este é o enfoque do *Custo de Oportunidade*. Nas investigacións realizadas ata o momento esta opción é amplamente rexeitada. A outra aproximación é o enfoque do *Custo de Reemprazamento*, que supón que cando os fogares realizan actividades domésticas están aforrando un pago por un servizo que, de outra maneira, deberían satisfacer no mercado.

Na elaboración da CSPD de Galicia utilízase o enfoque do custo de reemprazamento. O custo de oportunidade implica supoñer que os fogares darán un valor diferente a este traballo en función do seu traballo remunerado, e estaremos valorando producións idénticas a prezos moi diferentes. Non é un método que sexa coherente cos conceptos das contas nacionais.

Unha vez adoptado o criterio dun salario de reemprazamento, temos tres opcións:



- Utilizar salario de traballadores especialistas en empresas de mercado. Os traballadores especializados realizan actividades similares ás realizadas nos fogares. Por exemplo: unha comida nun restaurante, unha enfermeira nun centro de saúde, ou un xardineiro. Os problemas desta opción residen nas condicións de traballo, que son moi diferentes nas empresas (teñen maior inversión en capital, unha organización do traballo máis eficiente, etc) e polo tanto terán repercusión na produtividade. Hai que engadir, ademais, que no mercado hai un amplo abano de cualificacións dentro de cada traballo, e sería moi difícil elixir o nivel de cualificación axeitado.
- A segunda opción é utilizar salarios de traballadores domésticos especializados. Exemplo: un limpafiestras, un profesor a domicilio, ou similares. Aquí as condicións de traballo serían similares ás que teñen os membros dos fogares, coa salvedade de que estes traballadores non realizan máis tarefas ó mesmo tempo.
- Por último, para valorar o traballo doméstico, pódese utilizar a remuneración dun traballador non especializado. Pódese contratar a unha persoa que traballe no fogar facendo tódalas tarefas que un fogar require para o seu funcionamento diario. Serían traballadores que non recibiron unha cualificación especial para o seu traballo e que realizan tódalas tarefas domésticas.

Os salarios dos traballadores polivalentes (non especializados) parecen ser a base máis apropiada para valorar o traballo doméstico. Adúcese unha serie de razóns para a elección deste método que o converten no método máis factible: a produtividade similar, as tarefas desenvolvidas, o medios de produción que utilizan, etc.

Existen outros aspectos que debemos ter en conta cando utilizamos este método. Un traballador non especializado non realiza tódalas tarefas que require un fogar, xa que a planificación financeira, ou o mantemento e reparación da vivenda non son actividades que desenvolvan con habitualidade este tipo de traballadores. Estas tarefas teñen pouco peso segundo os resultados da EET e non representa motivo para rexeitar o salario dos traballadores polivalentes. Outro problema, de tipo estatístico, reside na existencia e calidade dos datos sobre salarios destes traballadores, xa que non sempre están dispoñibles datos destas categorías profesionais nas enquisas de estruturas salariais.

Remuneración de asalariados no satélite doméstico

A remuneración de asalariados inclúe as retencións polos impostos sobre a renda e as cotizacións á seguridade social do empregador e do asalariado. Na proposta de metodoloxía de Eurostat coméntanse as implicacións que ten, sobre o VEB doméstico, a elección entre salario bruto ou neto, xa que as cotizacións e os impostos representan unha parte importante da remuneración de asalariados. Neste aspecto non existe unanimidade nos estudos

realizados e o valor do traballo doméstico tense estimado tanto partindo da remuneración de asalariados como de salarios netos.

Dende un punto de vista teórico a elección dun salario ou outro ten implicacións importantes. Se os fogares teñen que adquirir os servizos domésticos no mercado pagarían a remuneración de asalariados. Por outra banda se pensamos que os fogares gañan diñeiro producindo eses servizos falaríamos de ganancia neta. A elección dun ou outro está moi relacionado cos obxectivos da estimación.

Na CSPD de Galicia utilízase, para valorar os servizos domésticos producidos nos fogares, a remuneración de asalariados da rama de actividade de CNAE 93, división 95: *fogares que empregan persoal doméstico*. O VEB da rama é igual á súa remuneración de asalariados, e esta igual ós pagos que os fogares realizan por un servizo doméstico. Para o satélite doméstico galego calculouse unha remuneración de asalariados por hora que inclúe as cotizacións do traballador e empregador en base ós tipos e cotas de cotización legais do réxime especial de empregados de fogar.

A elección deste salario fundaméntase nos seguintes factores:

- É un salario que reflicte as condicións reais do traballo no fogar. Remunera as mesmas tarefas que realizarían os membros dun fogar, cos medios materiais existentes na vivenda, e por tanto remunerará unha produtividade similar.
- É un salario obtido no propio sistema de contas, por tanto coherente coas definicións, métodos e valoracións do Sistema.

As Contas Económicas de Galicia non dan información directa do número de horas traballadas por rama de actividade, se ben están implícitas no cálculo dos postos de traballo equivalentes a tempo completo.

3.6 Reclasificación do gasto en consumo final

O SEC define o gasto en consumo final como o *realizado polas unidades institucionais residentes en bens e servizos que se utilizan para satisfacer directamente as necesidades ou carencias individuais, ou as necesidades colectivas dos membros da comunidade*, SEC (3.75). Dende a perspectiva do satélite doméstico, que estima o valor engadido da produción doméstica, parte do consumo final dos fogares debe reclasificarse en consumo intermedio, formación bruta de capital, ou manterse en gasto en consumo final.

Na Conta Satélite de Producción Doméstica as funcións dos fogares ampliáanse, e ademais de consumidores, os fogares son tratados como empresas que producen bens e servizos para o seu propio consumo. Neste proceso transformarán bens que serán considerados consumos intermedios do proceso de produción correspondente. Por exemplo: o consumo de carne rexistrado en contas convértese no satélite doméstico en consumo intermedio da función

“proporcionar comida”. Por outra banda os bens duradeiros do fogar utilizados na produción doméstica considéranse activos fixos, e a súa adquisición é formación bruta de capital fixo.

A reclasificación realizada é independente da aproximación adoptada no proceso de estimación, é dicir, tanto dende o enfoque dos inputs como dende a aproximación do output, deben coñecerse aqueles produtos que forman parte do proceso produtivo, e que polo tanto deixan de ser, dende a óptica do satélite doméstico, un consumo final.

Na elaboración da CSPD de Galicia partiuse das estimacións do gasto en consumo final realizado en contas económicas, e para a estrutura por produtos utilízanse o vector de gasto en consumo final dos fogares da Táboa Input-Output de Galicia (TIOGA-98), xunto cos resultados da *Encuesta Continua de Presupuestos Familiares* (ECPF) elaborado polo INE. Estes resultados ofrecen, baixo a clasificación COICOP⁷, o gasto dos fogares galegos por produtos. Cada categoría de produto debe estudarse e analizar se é un consumo final ou se resulta ser un input da produción doméstica⁸.

Polo tanto, para a actividade produtiva dentro dos fogares, unha serie de bens duradeiros realizan a mesma función que os bens de equipo nunha empresa. Estes bens sofren perda de valor (por deterioro ou por depreciación) e isto supón un custo para o fogar: o Consumo de Capital Fixo. Para a súa estimación utilízouse o Método do Inventario Permanente (MIP), para o que foi preciso estimar os compoñentes necesarios para a posta en práctica: stocks (como agregación das inversións en períodos pasados), e vidas medias (en función de estudos sobre esta variable doutros organismos).

4 Fontes de Información

A Conta Satélite de Produción Doméstica de Galicia (CSPD) é unha estatística de síntese, que utiliza información do sistema estatístico, en especial aquela referente ó sector fogares. Para a estimación dos agregados domésticos a chave é a fonte: Enquisa de Emprego do Tempo elaborada polo INE e o IGE. A poboación obxecto da investigación desta operación estatística son o conxunto de fogares privados que residen en vivendas familiares, e dentro dos fogares só aqueles membros de 10 ou máis anos. A definición de fogar utilizado na EET é moi similar á definida no SEC, e non presenta incompatibilidades co obxecto desta conta satélite. A selección dos membros do fogar de 10 ou máis anos obriga a introducir o suposto de que os nenos menores de dita idade non realizan actividades produtivas, e ter en consideración este punto de partida para estimar os valores globais da produción doméstica.

⁷ *Clasificación Individual segundo o Obxectivo*, elaborada por Nacións Unidas.

⁸ Ver anexo II

A EET permite obter información sobre a porcentaxe de persoas que realizan unha actividade no transcurso do día, o tempo diario (en horas e minutos) dedicado a unha actividade polas persoas que realizan dita actividade e a distribución de actividades nun día tipo.⁹

Os datos do *día-tipo*, base das nosas estimacións, inclúen tódalas actividades realizadas polos fogares e polo tanto, nesta relación de actividades, deben distinguirse aquelas xa incluídas nos límites de produción do sistema de contas (baixo a metodoloxía SEC e SCN), ademais de definir as actividades que non son produtivas, e que non serán obxecto de valoración económica.

Ademais desta fonte, e dado que a CSPD se insire nun marco de contas xa definido, utilizará os propios resultados do sistema integrado de contas de Galicia, en concreto da Táboa Input-Output, as Contas Económicas de Galicia, e a conta de renda dos fogares.

Para a estimación dos consumos intermedios, inversión e consumo de capital fixo, utilizouse a *Encuesta Continua de Presupuestos Familiares* do INE, xunto con estimacións a nivel interno do gasto en consumo final por produtos.

Nos traballos sobre o satélite doméstico téñense utilizado enquisas salariais como fonte de salarios. Xa relatamos, no apartado correspondente, que no IGE utilizouse unha fonte alternativa. A fonte salarial que proporciona a información necesaria é a *Encuesta de Estructura Salarial* que elaborou o Instituto Nacional de Estadística para o ano 2002. Esta fonte de información rexeitouse para a elaboración do satélite doméstico xa que esta enquisa ten como ámbito poboacional aqueles traballadores por conta allea que presten servizos en centros de cotización de 10 ou máis traballadores, e polo tanto non cobre empresas pequenas nin traballadores por conta propia. Dado que nun fogar as condicións de traballo son moi diferentes a unha empresa, os salarios obtidos desta fonte non van amosar as condicións de traballo, produtividade, etc., do traballo doméstico nun fogar, e probablemente sobrevaloren este tipo de actividades.

Tamén se utilizaron outras fontes de información como a *Encuesta de Poboación Activa (EPA)*, como a Enquisa de Condicións de Vida das Familias que elabora o IGE, información da Seguridade Social ou da Axencia Tributaria.

5 Presentación de resultados

Os datos son difundidos a través da internet e en soporte papel mediante un folleto específico no que se presentan os principais resultados, nun formato de táboas e gráficos comentados.

Os resultados na web preséntase estruturadas nas seguintes táboas:

- Conta de bens e servizos da Economía Estendida

⁹ Para unha análise máis pormenorizada desta operación estatística pódese consultar a súa metodoloxía e os principais resultados na páxina web do IGE (www.ige.eu).



- Contas de produción e explotación: divídese en dúas partes
 - Contas de produción e explotación da economía
 - Contas de produción e explotación do sector fogares
- Produción e VEB da economía doméstica non remunerada, na que distinguimos á súa vez:
 - Produción e VEB por funcións
 - VEB por sexo e funcións

ANEXO I: LISTA DE ACTIVIDADES E FUNCIÓNS ÁS QUE SE ASIGNAN

Proporcionar aloxamento	Proporcionar comida	Proporcionar roupa	Proporcionar coidados e educación	Traballo voluntario
300 Actividades relacionadas co fogar e coa familia non especificadas	300 Actividades relacionadas co fogar e coa familia non especificadas	300 Actividades relacionadas co fogar e coa familia non especificadas	300 Actividades relacionadas co fogar e coa familia non especificadas	
320 Mantementos do fogar non especificados	310 Actividades culinarias non especificadas	330 Actividades de confección e coidado de roupa non especificadas	343 Coidado de mascotas	400 Traballos voluntarios e reunións non especificados 410 Traballo ao servizo dunha organización non especificado
321 Limpeza da vivenda 322 Limpeza do patio e exteriores da vivenda 323 Calefacción e abastecemento de auga	311 Preparación de comidas 312 Repostería 313 Fregar a vaixela	331 Coada 332 Pasar o ferro 333 Confección de roupa	344 Pasear o can 380 Coidados de nenos non especificados 381 Coidados físicos e vixilancia de nenos	411 Traballo para unha organización 412 Traballo voluntario a través dunha organización
324 Tarefas diversas de organización 329 Outros mantementos do fogar especificados	314 Conservación de alimentos 319 Outras actividades culinarias especificadas	339 Outras actividades especificadas de confección e coidado de roupa	382 Ensinarlles aos nenos 383 Ler, xogar, falar ou conversar cos nenos 384 Acompañar os nenos	419 Outros traballos especificados ao servizo dunha organización 420 Axudas informais non especificadas 421 Axudas nas actividades culinarias
350 Actividades de construción e reparacións non especificadas 352 Reparacións da vivenda 353 Fabricación, reparación e mantemento do equipamento do fogar 359 Outras actividades especificadas de construción e reparacións			389 Outros coidados de nenos especificados 391 Axudas a adultos membros do fogar	422 Axudas no mantemento do fogar 423 Axudas na xardinería e no coidado de animais 424 Axudas na construción e nas reparacións 425 Axudas nas compras e servizos 426 Axudas no traballo e na agricultura 427 Axudas no coidado de nenos
340 Actividades non especificadas de xardinería e coidado de animais 341 Xardinería 349 Outras actividades especificadas de xardinería e coidado de animais	340 Actividades non especificadas de xardinería e coidado de animais 341 Xardinería 349 Outras actividades especificadas de xardinería e coidado de animais		340 Actividades non especificadas de xardinería e coidado de animais	428 Axudas a outros fogares 429 Outras axudas informais especificadas
354 Mantemento de vehículos 360 Compras e servizos non especificados 361 Compras 362 Servizos comerciais e administrativos 369 Outras compras e servizos especificados 371 Xestións do fogar	354 Mantemento de vehículos 360 Compras e servizos non especificados 361 Compras 362 Servizos comerciais e administrativos 369 Outras compras e servizos especificados 371 Xestións do fogar	354 Mantemento de vehículos 360 Compras e servizos non especificados 361 Compras 362 Servizos comerciais e administrativos 369 Outras compras e servizos especificados 371 Xestións do fogar	354 Mantemento de vehículos 360 Compras e servizos non especificados 361 Compras 362 Servizos comerciais e administrativos 369 Outras compras e servizos especificados 371 Xestións do fogar	
931 Traxectos debidos aos coidados do fogar 936 Traxectos debidos ás compras e servizos	936 Traxectos debidos ás compras e servizos	936 Traxectos debidos ás compras e servizos	936 Traxectos debidos ás compras e servizos	
			938 Traxectos debidos ao coidado de nenos 939 Traxectos debidos ao coidado de adultos membros do fogar	941 Traxectos debidos ao traballo ao servizo dunha organización 942 Traxectos debidos a axudas informais a outros fogares

NOTA 1: Sombreadas aquelas actividades realizadas polos fogares que se asignan a máis dunha función

NOTA 2: Os códigos que preceden ás actividades son os establecidos en Eurostat (2000): "Guidelines on harmonised European time use surveys". European Commission Eurostat Unit E2. Luxembourg, 2000

ANEXO II: DISTRIBUCIÓN DO GASTO EN CONSUMO FINAL. RECLASIFICACIÓN SEGUNDO CLASIFICACIÓN COICOP

Código COICOP	Descrición	CONSUMO INTERMEDIO	GASTO EN CONSUMO FINAL	FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL
111	Pan e cereais	X		
112	Carne	X		
113	Pescado	X		
114	Leite, queixo e ovos	X		
115	Aceites e graxas	X		
116	Froitas	X		
117	Hortalizas incluídas patacas e outros tubérculos	X		
118	Azucres, confeituras, mel, chocolate e confeitaría	X	X	
119	Produtos alimenticios non comprendidos anteriormente	X	X	
121	Café, té, cacao	X		
122	Augas minerais, bebidas gasosas e zumes		X	
211	Espirituosos e licores		X	
212	Viños		X	
213	Cervexa		X	
221	Tabaco		X	
311	Telas	X		
312	Prendas de vestir		X	
313	Outros artigos e accesorios de vestir	X	X	
314	Reparación e alugamento de roupa		X	
321	Zapatos e outro tipo de calzado		X	
322	Reparación e alugamento de calzado		X	
411	Alugamentos reais	X		
412	Aluguer o realugamento (viv. secundaria)	X		
413	Outros alugamentos		X	
421	Alugamentos imputados á vivenda en propiedade		X	
422	Outros alugamentos imputados		X	
431	Materiais para mantemento e as realizacións correntes da vivenda cando a reparación a realiza o propio fogar	X		
432	Servizos de mantemento e reparacións correntes da vivenda	X		
433	Materiais para investimento (grandes reformas da vivenda)			
434	Servizos para investimento (grandes reformas da vivenda)			
435	Materiais para consumo intermedio da vivenda			



Código COICOP	Descrición	CONSUMO INTERMEDIO	GASTO EN CONSUMO FINAL	FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL
436	Servizos para consumo intermedio da vivenda			
441	Servizos de recollida de lixo	X		
442	Servizos de sumidoiros	X		
443	Distribución de auga	X		
444	Outros servizos relativos á vivenda non incluídos anteriormente	X		
451	Electricidade	X	X	
452	Gas	X	X	
453	Combustibles líquidos	X	X	
454	Combustibles sólidos	X	X	
471	IBI vivenda secundaria			
511	Mobles e artigos de amoblamento			X
512	Alfombras e outros revestimentos de solos			X
513	Reparación de mobles, artigos de amoblamento e revestimentos de solo	X		
521	Artigos téxtiles para o fogar e as súas reparacións	X		
531	Grandes electrodomésticos eléctricos ou non			X
532	Pequenos aparatos electrodomésticos	X		
533	Reparacións e accesorios de todos os aparatos do fogar	X		
541	Cristalería, vaixela, utensilios do fogar e reparacións	X		
551	Grandes ferramentas e as súas reparacións			X
552	Pequenas ferramentas e accesorios diversos e as súas reparacións	X		
561	Artigos non duradeiros para o fogar	X		
562	Servizos domésticos e outros servizos para a vivenda		X	
611	Produtos, aparatos e equipos médicos		X	
621	Servizos médicos		X	
622	Servizos de dentistas		X	
623	Servizos para médicos non hospitalarios		X	
631	Servizos hospitalarios		X	
711	Automóbiles			X
712	Motos			X
713	Bicicletas			X
721	Compra de pezas de reposto e accesorios de vehículos persoais para reparacións realizadas polos membros do fogar	X	X	

Código COICOP	Descrición	CONSUMO INTERMEDIO	GASTO EN CONSUMO FINAL	FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL
722	Carburantes e lubricantes	X	X	
723	Mantemento e reparacións	X	X	
724	Outros servizos relativos aos vehículos persoais	X	X	
731	Transportes por ferrocarril (tren, metro, tranvía, urbano...)		X	
732	Transportes por estrada (local e longa distancia)	X	X	
733	Transporte aéreo		X	
734	Transporte de viaxeiros por mar e vías navegables interiores		X	
735	Outros servizos de transporte		X	
811	Servizos postais		X	
812	Equipos de teléfono e fax		X	
813	Servizos de teléfono, telégrafo e fax		X	
911	Aparatos receptores, rexistradores e reprodutores de son		X	
912	Equipo fotográfico e cinematográfico, instrumentos ópticos		X	
913	Material de tratamento da información		X	X
914	Soporte para o rexistro de imaxe e son		X	
915	Reparación de equipos e accesorios audiovisuais, fotográficos e de proc. información		X	
921	Outros bens duradeiros importantes para o ocio e a cultura		X	
931	Xogos, xoguetes e hobbies, equipo para deporte e entretemento ao aire libre		X	
932	Xardinería e flores	X	X	
933	Animais domésticos		X	
941	Servizos recreativos e deportivos		X	
942	Servizos culturais		X	
943	Xogos de azar		X	
951	Libros		X	
952	Prensa		X	
953	Impresos diversos		X	
954	Materiais de papelería e pintura		X	
961	Vacacións todo incluído		X	
1011	Educación infantil, educación preescolar e educación primaria		X	
1012	Ensinanza secundaria		X	
1013	Ensinanza superior		X	

Código COICOP	Descrición	CONSUMO INTERMEDIO	GASTO EN CONSUMO FINAL	FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL
1014	Ensinanza non definida polo grao		X	
1111	Restaurantes e cafés		X	
1112	Cantinas e comedores		X	
1121	Servizos de aloxamento		X	
1211	Peiteado e estética persoal		X	
1212	Aparatos, artigos e produtos para os coidados persoais		X	
1221	Xoiería, bixutería e relojería		X	
1222	Outros efectos persoais		X	
1231	Servizos de protección social		X	
1242	Seguros ligados á vivenda	X	X	
1243	Seguros ligados á sanidade. Enfermidade e accidente		X	
1244	Seguros ligados ao transporte	X	X	
1245	Outros seguros		X	
1246	Seguro de enterramento		X	
1251	Servizos financeiros non declarados noutra parte		X	
1261	Outros servizos non declarados anteriormente		X	
1281	Remesas a membros do fogar non residentes na vivenda		X	

NOTA: Esta lista correspóndese coa clasificación COICOP cun nivel de desagregación de catro díxitos.